

Os documentos mais antigos do arquivo municipal Concello de Dodro

A historia das terras de Dodro é ben antiga, malia que o concello foi instituído en 1836. Os restos arqueolóxicos e a documentación presente en diversos arquivos falan con xenerosidade do pasado da zona, que é ben rico e interesante. O arquivo municipal contén, sobre todo, escrituras dos séculos XIX e XX, sendo as primeiras actas consistoriais de 1885. Non obstante hai dúas pezas anteriores que nos serven para albiscar a vida das xentes de Dodro noutros tempos, cando os municipios tal e como hoxe os entendemos non existían. Daquela, as parroquias eran a principal estrutura de organización; sobre elas estaba a xurisdición arcebispal, que tamén foi mudando na súa configuración. Na época medieval as freguesías de Dodro

pertencían á Terra de Quintá e Cordeiro, que se estendía polas dúas marxes do Ulla, e á xurisdición de Lestrove na época moderna. En calquera caso, na vida cotiá pouco influía quen era o señor da zona, sendo máis relevante quen era o propietario das terras que se traballaban. Os foros regulaban o dereito das familias a aproveitar as terras, que pertencían polo xeral a institucións eclesiásticas que llelas cedían a fidalgos ou comerciantes que, pola súa vez, as aforaban aos labregos elabregas. Estes foros articularon a vida das persoas do actual concello de Dodro durante séculos posto que lles permitían acceder ao usufruto das terras e vivir dos seus rendementos.

Foro de Eugenia de Toubes do 23 de Abril de 1671

O 23 de abril de 1671 Eugenia de Toubes y Puga, viúva, aforou a Juan do Camiño o lugar de Teao, fregresía de San Xoán de Laiño, por renda anual de 55 ferrados e medio de centeo, 31 e medio de millo, tres galiñas, un carneiro e un carro de leña. Dona Eugenia é nese momento a señora do pazo do Calote en Santa Baia do Araño (Rianxo) e é alí onde se outorga o contrato; actúa en nome da súa filla María Josefa de Figueroa, herdeira de bens do seu falecido pai, Juan Santiago de Figueroa. Estes bens que se aforan pertencen ao vínculo fundado por Jácome de Santiago e María González e están situados na aldea de Teao. Como viúva a cargo dunha menor concerta este trato con consentimento do titor da nena.

No seu articulado e circunstancias este é un escrito que reflicte unha serie de situacións que poderían denominarse típicas. Refírese a bens dun vínculo ou morgado, é dicir a un conxunto de bens que deben ser transmitidos de xeración en xeración sen dividirse e que constitúen a base do sustento da fidalguía mediana. Unhas das pezas que constitúe esa herdanza é o denominado lugar de Teao, que é un antigo casal no que viven varias familias emparentadas; xuntas toman a foro un conxunto diverso de fincas. O contrato durará a vida de dous reis e vinte anos máis. Malia que os foros non son perpetuos, aos labregos interésanlles os tratos a longo prazo, que garanten estabilidade, e aos señores tamén, pois aseguran renda e melloras. O foro atinxe a un lote variado: casas, cortiñas e hortas, agros de cereal e leiras espaxadas polo territorio para diversificar produción e riscos; tamén unha devesa que dará madeira, un muíño e mesmo as estivadas e outras pezas de monte. As propiedades sitúanse nunha paisaxe de vocación gandeira, como delata a constante presenza de fincas valadas, e nas proximidades dun camiño principal como é o Camiño Françes que vai a Santiago. Trátase dun documento longo e, como corresponde ao seu tempo (o do Barroco) un tanto requintado, que incide nos dereitos e obrigas das partes. Está escrito en castelán, nun tempo no que a oralidade era en galego pero a lingua do poder era outra. Chegou a nós en formato de traslado (hoxe diríamos copia) autorizado.



1671/04/23.

A Capela

(Santa Baia do Araño - Rianxo)

Foro de Eugenia de Toubes a Juan do Camiño do lugar de Teao, fregresía de San Xoán de Laiño, Dodro, por renda de 55 ferrados e medio de centeo, 31 e medio de millo, tres galiñas, un carneiro e un carro de leña.

Arquivo Municipal de Dodro



Transcrición

Dentro de la Cassa y Torre de Santiago, sita en el lugar y feligresía de Santa Baia do Araño, Jurisdicción de la villa de Rianxo, a veinte y tres dias del mes de abril de mill y seiscientos y setenta y un año, ante mi escribano relator y testigos parescido presente doña Eugenia de Toubes y Puga, biuda que fue del don Juan de Santiago Figueroa, uno de los quatro secretarios de asiento que a sido en la Real Audiencia deste Reino, y vecina de la ciudad de La Coruña y residente al de presente en este dicho lugar y feligresía, como madre lexítima y administradora de la persona y vienes de doña María Josefa de Figueroa, su hixa mayor y una de dos que le quedo del dicho don Juan de Santiago Figueroa, sucesora en esta dicha Cassa y Torre de Santiago y vienes de binculo que fundaron Jácome de Santiago y María González su muger, y agrego a ellos el canónigo don Juan de Santiago Figueroa, hixo que a sido de los sobre dichos... y esso mesmo en bertud de poder que dice tiene de don Martin Gómez de Riobojo, tutor y curador de las dichas sus hijas, y usando del y como tal madre y administradora de las personas y vienes dellas dijo que por quanto a puestas demanda en la Real Audiencia deste Reino antes de agora a Juan Ferro como marido de María de Figueira su muger, y Juan do Camiño, y Juan de Lemos, Gregoria de Figueira y otros consortes poseedores de un lugar sito en la aldea de Teayo que se compone de los vienes que adelante yrán declarados pertenecientes a dicho binculo...

como tal madre de dichas sus hijas, y en bertud del poder de dicho don Martin Gomes de Riobojo aforava y aforo, dio en foro por razon de renta al dicho Juan do Camiño, vecino del lugar de Teayo, feligresía de San Jiao de Laino para él y Dominga Chua su muger, hijos y erederos, el dicho lugar de Teayo según se compone de las cassas y vienes siguientes.

Na marxe esquerda: Vienes

- Primeramente la cassa principal que está sita en dicha aldea de Teayo donde solía vivir Pedro do Camiño a quien se avia echo el arriendo que ba referido.
- Yten otra cassa a las espaldas de la arriva referida en que al presente bive María de Bustelo, biuda que finco de Juan do Camiño, con mas quatro cortes y cubiertos pegados a dichas casas según todas ellas están juntas y sitas en dicha aldea de Teayo.
- Yten la eira que está contigua con la de Juan de Castredo Figueira.
- La cortiña do Rego do Arrocho que está cercada de sobre sí y llevará ferrado y medio de sembradura poco más o menos.
- La cortiña que se dice da Braña que está cercada de sobre sí y llevará de sembradura un ferrado de pan, poco más o menos.
- La mitad del agro de Chancellas que llevará dicha mitad media carga de pan de sembradura.
- Más la leira de Agrobuo.
- Y el agro de Carvalledo que está cercundado de sobre sí y llevará media carga de centeno en sembradura.
- Yten el caveceiro do Boqueiro d'Orta sito en la Veiga del Casso que llevará en sembradura dos ferrados de trigo.
- Otra leira más adelante en dicha veiga donde llaman Salomosso que llevará en sembradura un ferrado de centeno.
- La cortina da Abueda que está cercundada de sobre sí en dicha veiga y llebará en sembradura quatro ferrados de centeno.
- Otra leira que se dice anesimista la Abeçada que por una parte deste con la Cortina de Arriva.
- Dos leiras en dicha veiga donde dicen el Porto de Arriva que llebará en sembradura dos ferrados de centeno.
- Otra leira que dicen caveceiro donde llaman os Agueiros que entesta en la eredad de Naranxo que es aneja a dicho lugar y llevará un ferrado de pan de sembradura.
- La leira de Naranxo que hes junto a la de Arriva y llevará quatro ferrados de pan de sembradura.
- El caveceiro grande que se dice do Cepal, llevará en sembradura otros dos ferrados de pan.
- La leira de Valinas en la mesma veiga y llevará en sembradura dos ferrados de centeno.
- Otro caveceiro de eredad en la Veiga de Avaxo que llaman de Boveas que llevará un ferrado de centeno en sembradura con más en dicha veiga otros cinco márgenes de eredad que llevarán otro ferrado en sembradura.
- Yten en la misma veiga y más avaxo de la eredad de arriba doce márgenes de eredad que llevarán en sembradura tres ferrados de centeno.
- Mas en la Veiga en sitio que dicen del Espinal otra heredad que llebará en sembradura dos ferrados de centeno en el mismo sitio del Espinal.
- Una leira de eredad que llevará en sembradura un ferrado de centeno.
- Yten en la Veiga Pequeña que se dice de Veteris de Arriva.
- Otra pieça de eredad que llevará ferrado y medio de sembradura poco mas o menos.
- En la cortina de Fixo otra eredad que llevará en sembradura dos ferrados de centeno poco más o menos.
- En el sitio y lugar donde dicen las Quintas quatro márgenes de eredad que llevarán un ferrado de centeno poco más o menos de sembradura.
- Item la eredad do Cousso que llevará en sembradura tres ferrados de centeno poco más o menos.
- La eredad do Beasca que llevará ferrado y medio de pan en sembradura poco más o menos.
- Otra eredad junto al Agro de Foxo y dicho sitio que llevará medio ferrado de centeno de sembradura.
- El caveceiro de eredad que se dice de Fontes que llevará ferrado y medio en sembradura junto al sitio de eredad que se dice das Pedras.
- Yten otra leira llamada das Pedras que llevará en sembradura cinco ferrados de centeno poco mas o menos.
- Otra pieça de eredad en la de Candeira que llevará en sembradura dos ferrados de centeno.
- La eredad que se dice do Outeiro y llevará de sembradura medio ferrado de centeno.
- El agro que se dice de Manuelas que llevará en sembradura tres cargas de centeno poco más o menos según está cercundado de sobre sí.
- Más en la Veiga del Agro de Choussou otra eredad que llevará dos ferrados y medio de centeno en sembradura.
- Más el agro que se dice d'Agrochouso que está cercundado de sobre sí entre limites de la Agro Arriva dicha más el agro que se dice de Lagos que está cercundado sobre sí corre el camino françes que a la ciudad de Santiago, llevará en sembradura tres anegas de centeno poco más o menos.
- Yten el agro que se dice do Berdoño que esta cercundado de sobre sí y llevará en sembradura carga y media de centeno poco más o menos.

- Con más el agro que se dice do Pociado que hestá cercundado de sobre sí y llevará en sembradura cinco cargas de pan poco más o menos.
- Yten el agro que se dice de Albariña de Avaxo que hestá cercundado de sobre sí y llevará en sembradura tres cargas de centeno poco más o menos.
- El agro que se dice de Albariña de Arriva y está cercundado de sobre sí según llevará media carga de centeno en sembradura poco más o menos.
- Yten la parte del molino tellado que es anexo a dicho lugar con más la cortina que está arriva de dicho molino, cuyo sitio está lleno de robles y castaños.
- La estivada que se dice de Agro Murado de Arriva y la de Agro Murado de Fonte de Avajo y otra que llaman de Fonte de Arriva.
- Yten las estivadas dos Poneos Travessos y la dos Poneos de Nagrestre y la de la Fontecova.
- Y el monte de San Martiño o Bello que se dice de Cornaobeira y otras tenças en la de San Martiño o Vello y otra tença que se dice de Pedra de Serro.
- Y la do Tedeiro y otra que se dice de Riobojo con otra que se dice de Sobre el puerto de Riobojo.
- Y la que se dice de Cabaniba.

Todas las quales dichas casas, eredades referidas y mas vienes anejos y pertenecientes a ellas y a dicho lugar con todas sus entradas y salidas, riegas, árboles de dar y no dar fruto, usos y serbidumbres se lo aforo según dicho es. El qual dicho foro le hace dicha doña Eugenia de Toubes y por tienpo y espacio de las vidas de dos señores reis de este Reino de España que en él remaren uno en pos de otro, que se an de comenzar y entender con la de nuestro rei y señor don Carlos segundo, que Dios guarde, que al de presente reina y fenezer con la del que le que sucediere en esta corona y demás a mas por veinte años que an de contarse despues de las vidas de dichos dos señores reis, y desde el dia en que muriere el ultimo dellos asta serren fenecidos y no más.

Y por renta, canon y pensión en cada un año turantes las vidas de dichos dos señores reis y veinte años mas de los dichos cinquenta y cinco ferrados y medio de centeno y treinta y uno y medio de mijo grueso que en todo açen ochenta y siete ferrados de dicho grano con mas tres gallinas del canpo, todo ello linpio, bueno de dar y tomar, medido dicho centeno por la medida derecha de Avila que al de presente se usa de doce en carga y seis en anega, y de más de dicha renta un carneiro o dies y seis reales por él, un carro de leña o ocho reales por él, a escoker de dicha doña Eugenia de Toubes, sus hijas y sucesores en dicho binculo, y una lutuossa por fin y muerte del dicho Juan do Camiño y de cada uno de los más sucesores que les sucedieren turantes dichas bocas, que se entiere de la mejor cossa de quatro pies que de lo dellas fincare, y puesta y paga la dicha renta a costa del sobredicho, sus erederos y sucesores, carro de lena y carneiro en cada un año en esta dicha Cassa y Torre de Santiago donde se cobran las demás de dicho binculo turante las vidas de dichos señores reis y veinte años; comenzando con la premera paga de dichos cinquenta y cinco ferrados y medio de centeno, y treinta y uno y medio de mijo grueso, tres gallinas, un carneiro y un carro de leña referido para el dia de San Martin de noviembre próximo que viene deste presente año, y los más años siguientes a los mismos placos, y la lutuossa a fin de su vida, todo ello linpio y bueno como dicho, es de dar y tomar, pena de ejecucción y costas.

El qual dicho foro le hace con las calidades y condiciones siguientes:

- Primeramente que a de tener las dichas cassas y vienes en perferados y reparados ély y sus herederos y sucesores, vien perferadas y reparadas de todo lo necesario de manera que bayan en aumento y no en disminuyton.
- Yten que no pueda bender, trocar ni concanvar ni enaxenar dichos bienes, antes lo ha de traer siempre juntos como asta aquí lo andubieron y en caso que los aya de aforar o bender a alguna persona tenga obligacion de requirir primero a la otorgante, dicha su hija y a más sucesores en dicho binculo con ellos para que si los quisieren y por parte dellos por el tanto los puedan llevar, y en defeto den licencia para venderlos a otra persona pagando por raçon del laudemio la décima parte con la tal venta, foro o enajenacion que hicieren a de ser a persona lega, llana y abonada que pague la dicha renta y cumpla lo contenido en el foro y no se pueda acer a yglesia, monasterio, clérigo ni otra persona eclesiástica, y aaciendo lo contrario el dicho Juan do Camiño y sus erederos y sucesores por el mismo fecho caigan en comisso y pierdan el derecho deste foro y queden libres y desocupados dichos vienes y cassas contenidos sus perferados y mejoramientos a los poseedores de dicho binculo, Cassa y Torre de Santiago.
- Yten que en caso que hestubieren tres años continuo sin pagar toda la dicha renta caigan ansimismo en comisso y pierdan el derecho deste dicho foro.
- Yten que fenecidas las vidas de dichos señores dos reis y veinte años más por cuyo tiempo y espacio como dicho hes lle/ açe este foro el dicho Juan do Camiño, sus hijas y erederos y sucesores an de dejar dichas cassas y vienes referidos todos ellos libres y desocupados a poseedores o poseedor que a dicho tienpo fuere de dicho binculo, Cassa y Torre de Santiago do Araño sin por raçon dellos ni parte dellos pedir perferos ni mejoramientos algunos, para que agan de dichos vienes a su boluntad, y esto sin pleito ni menaxe del.

Na marxe esquerda: Obligación.

Y cumpliendo con dichas condiciones pagando la dicha renta y lutuosa la otorgante como a dicho se obliga por sí y dichas sus hijas y a los más vienes de dichos binculo de que los que así aforó le serán ciertos, sanos, seguros y de paz, y que a ellos no les será puesto ni movido pleito alguno, y en caso que lo sea la otorgante y dichas sus hijas y más sucesores en dicho binculo saldrán a él y lo defenderán a su costa asta de dar el dicho Juan do Camiño y sus erederos quietos y pacificos poseedores turantes las bocas y tienpo referido...

Na marxe esquerda: Acetación.

Presentes el dicho Juan do Camiño que dixo que por sí y su muger, hixos y erederos que del vinieren y sucedieren acetava y açeto esta scriptura de foro a su favor otorgada...

Presentes a todo ello el licenciado Juan Lo (roto) abad desta dicha feligresía do Araño (rota) y (rota) alla y Juan (roto) deste dicho lugar y feligresía, los quales por escribano relator (rota) dichos Juan do Camiño, Juan Ferro y Juan (roto) y Francisco Miguez juraron en forma ser (rota) aquí contenido y no otros por ellos. Y dello (rota) relator doy fee y que conosco a la dicha doña Eugenia de Toubes y los testigos referidos. Como testigo y a ruego (rota) los señores dichos Juan Lopez Calbo. Passó ante mí (roto) Domingo Vasques Mosquera...



CONCELLO DE
DODRO

Pergamiño da Venda de Fernán Duro do 8 de setembro de 1436


O 8 de setembro de 1436 Fernán Duro, que vive en Casal de Mogos (Catoira), co consentimento da súa muller María Afonso, véndelle a Xoán de Quintá e á súa muller Sancha Pérez todas as casas, herdades e bens que posúe na freguesía de Santa María de Isorna por cincuenta marabedís. A proba que testemuña este trato é un sinxelo pergamiño que se conserva no Arquivo Municipal de Dodro. A razón pola que este documento está alí é un misterio, pero, aínda sen referirse ao actual termo municipal, contén moita información da zona. Dentro da antiga xurisdición da Terra de Cordeiro, á que pertencen as terras de Dodro, as de Catoira e as de Isorna, que por proximidade e por seren do mesmo señor estaban tan unidas, era común non só a compravenda de fincas senón tamén os vínculos comerciais e mesmo familiares. Neste sentido, o río, antes como agora, non constituíu unha fronteira senón unha oportunidade.

O texto está escrito no galego daquel tempo, que tiña unha fonética e estrutura xa moi semellante á nosa, pero aínda é dubitativo na ortografía. A letra é a típica dos contratos, unha gótica con formas algo angulosas que os nosos antepasados identificaban como a propia do galego e que era distinta á que usaban para o latín ou o castelán. Asina o documento e autorízao Pedro Barcala, notario da vila de Padrón e tamén da Terra de Cordeiro e do couto das Torres do Oeste. O seu signo persoal—no que podemos identificar as letras do seu nome— é a marca que autoriza e dá fe ao escrito como testemuño do sucedido entre os outorgantes.

1436, setembro, 08.
Casal de Mogos
(San Miguel de Catoira- Catoira)

Fernán Duro vende a Xoán de Quintá todas as herdades que ten na freguesía de Santa María de Isorna por cincuenta marabedís.

Arquivo municipal de Dodro.



Transcrición

Ëno año do nacemento de noso Señor Ihesu Christo de mill e quatrocentos e triinta e seys annos, oytro dias do mes de setenbro. Sabean todo que eu Fernan Duro, morador em Casal de Moogos, friegesia de San Migel de Catoyra con lyçencia e outorgamento de miña moller Maria Afonso que esta presente e outorga esto aqui adeante conteuo por min e por todas miñas voses e erdeiros vendo para senpre firmamente e outorgo a vos Iohan de Quintas e a vosa moller Sancha Peres e a todas vosas voses e erdeiros todasllas erdades e casas e casares e chantados que eu ey ena villa de Ysorna et em todã friegesia de Santa Maria de Ysorna a montes e a fontes onde quer que vaan ena dita friegesia et montes brabõs e mansos por preço e contya de cincoenta morabedis de moeda vella branca em tres dineiros, os quaes ditos morabedis logo de vos reço en presenza do notario e testemoyas ynfraescriptas. E se mays valen as ditas erdades, que a dita contya toda a demaesia vous dou e outorgo en pura e justa doaçõ para senpre e todo iur e señorio, propiedade e dereito, e vos e auçon de mi e de minas voses o tiro em vos e em vosas voses o poño e traspaso por esta presente carta de venda que vos oje este dito dia faço. E obrigo min e meus de voslla faser saan de pas a todo tempo e so pena do dobro da dita contia. E eu o dito Juan de Quintaa pñr min e em nome da dita miña moller que presente sño asi a reço. Testemoyas que estavan presentes: Roy de Romay e Gonçalo do Couto e Fernan d'Argonte e Gonçalo do Busto e outros.

Eu Pedro Barqala notario pubrico jurado da villa de Padron, de terra de Cordeiro e do Couto d'Oeste a esto que dito he presente foy e aqui meu nome e sinal pono que tal he en testemoyo de verdade.

(Signo)